ANEXO VI. INSTALACIÓNS (SOBRE B)

Don/Dona.:	José Ignacio Jiménez Pereira
Representando á entidade:	**Asociación Ciudadana de Lucha Contra la Droga "Alborada"**
Contrato de servizos con Número de expediente: 51/2020 consistente na "EXECUCIÓN DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN AMBULATORIA CON ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL E DESPROTECCIÓN."	
En representación da entidade indicada, declaro baixo a miña responsabilidade que de resultar adxudicataria do contrato acreditarei a dispoñibilidade do seguinte equipamento ou local no que executar o servizo.	

Lote número: Único

Denominación	Dirección	Concello
INTERVENCIÓN AMBULATORIA CON ADOLESCENTES EN SITUACIÓN DE DIFICULTADE SOCIAL E DESPROTECCIÓN	**Rúa Arquitecto Pérez Bellas, 9**	**Vigo**

Na descrición e documentos que se acheguen seguirase a seguinte estrutura

a) Descrición das condicións físicas e arquitectónicas, acompañando planos de planta e fotografías, sinalando para cada un dos espazos o número de metros cadrados útiles e os usos correspondentes, así como a súa accesibilidade.

b) Descrición e planos de situación xeográfica.

c) Fotografías da fachada, do portal e dos espazos interiores da vivenda

d) Descrición do equipamento ou local e recursos materiais cos que conta, incluíndo vehículos.

En Vigo, 20 de outubro de 2020.

35999806E JOSE IGNACIO JIMENEZ (R: G36624963)

Firmado digitalmente por 35999806E JOSE IGNACIO JIMENEZ (R: G36624963)
Fecha: 2020.10.28 09:02:30 +01'00'

Asinado: José Ignacio Jiménez Pereira

Programa de Intervención Ambulatoria
con Adolescentes en situación de dificultade social
e desprotección

Aclad **Alborada**

SOBRE B

Documentación da proposta non avaliable
mediante fórmulas matemáticas

3

Instalacións /

Programa de Intervención Ambulatoria
con Adolescentes en situación de dificultade social
e desprotección
Aclad Alborada

Instalacións / 3

0. SITUACIÓN
páxinas 05 - 07

1. INSTALACIÓNS
páxinas 08 - 16

1.1 Deseño
1.2 Distribución do local
1.2.1 Espazos pertences ao programa ambulatorio
1.2.2 Espazos de uso comun con el centro de dia de atencion al menor

1.3 Medidas de seguridade
1.4 Accesibilidade

2. EQUIPAMENTO E RECURSOS MATERIAIS
páxinas 16 - 19

17 2.1 Recursos propios de uso común do Centro
19 2.2 Recursos propios derivados da pertenza a Alborada
20 2.3 Recursos públicos nas inmediacións das nosas instalacións

3. SITUACIÓN XEOGRÁFICA E COMUNICACIÓNS
páxinas 19 - 21

4. RECURSOS DA CONTORNA
páxinas 22 - 24

5. DOCUMENTOS GRÁFICOS DE PLANTA
páxinas 25 - 29

6. GRADO DE CONSERVACIÓN, CALIDADE E CONFORTABILIDADE DOS ESPACIOS
páxina 30

SITUACIÓN

· Emprazamento do centro nunha zona céntrica da Cidade de Vigo.

INSTALACIÓNS

Modernas e acaídas ás necesidades dos adolescentes e as súas familias.

- **Deseño:** Arquitectura "Detox" buscando preservar os recursos e mellorar a calidade de vida dos usuarios e usuarias.
- **Distribución:** Máis de 275 m2 con numerosos espazos comúns multifuncionais (Comedor, Aula de Lecer, Aula de Estudo, Aula de NNTT, ...) e espazos de intervención individual e/ou familiar.
- **Espazos totalmente accesibles a persoas con diversidade funcional.**

EQUIPAMENTO E RECURSOS

- **Recursos propios:** Mobiliario, utensilios, aparatos e enseres apropiados para a vida diaria e que garanten a seguridade e o benestar dos adolescentes e as súas familias.
- **Recursos públicos ao pe das nosas intalación:** Máis de 5.000 m2 de parque e instalacións deportivas.
- **Recursos Derivados da pertenza a ACLAD Alborada:** 2 furgonetas, laboratorio para a realización de ouriñoanalises para a detección de substancias, colaboración e coordenación co equipo humano da Entidade: Persoal sanitario (médicos, especialistas en psiquiatría, enfermería, ...) traballadoras sociais, educadores sociais, persoal administrativo,...

SITUACIÓN XEOGRÁFICA

Zona céntrica e ben comunicada

- **Comunicacións vía transporte urbano** coa totalidade da cidade de Vigo.
- **Comunicacións interurbanas** coas localidades de Cangas, Moaña, Redondela, Baiona, Nigrán, Gondomar, A Guarda, Porriño,... nas proximidades das nosas instalacións.

RECURSOS DA CONTORNA

· Multitude de Recursos escolares, de saúde, xuvenís, deportivos, bibliotecas, servizos,... nas inmediacións do Centro.

Emprazamento, instalacións, equipamentos e recursos técnicos

O Programa de Intervención ambulatoria con adolescentes en situación de dificultade social e desprotección desenvolve as súas actividades no local sito na rúa Arquitecto Pérez Bellas número 9, nunha zona céntrica e ben situada da cidade de Vigo.

O local, de 276´25 m², está adaptado ás necesidades do Programa Ambulatorio e do Centro de Día, tanto polas características do mesmo como polos recursos que nos oferta a contorna, de tal xeito que contén todos os elementos necesarios para atender adecuadamente ás persoas menores e ás súas familias. Ao longo dos anos, dende que se abriron as actuais instalacións do Programa Ambulatorio e do Centro de Día, dende o equipo psicoeducativo valoramos moi acaídas as mesmas para a nosa laboura de intervención tanto coa poboación adolescente usuaria coma coas súas familias. Contamos con **espazos amplos**, **multifuncionais**, un número adecuado de **salas** ou **despachos** para a intervención grupal e individual, **sala de lecer, cociña-comedor, baños**, ducha, **sala de novas tecnoloxías** e un entorno con abundante **vexetación**, **zona deportiva** e de lecer.

Mais, co paso do tempo, os diferentes membros do Equipo Psicoeducativo observamos e comprobamos na nosa práctica diaria unha serie de eivas das nosas instalacións que, de ser subsanadas, facilitarían e farían máis confortable a estancia das persoas usuarias nas mesmas. Por tanto converter o centro nun espazo no que se sintan cada día máis a gusto a través da mellora das súas condicións de habitabilidade.

*Estas instalacións recibiron un especial pulo coas actuacións acometidas nas mesmas a finais do ano 2018 grazas a unha serie de obras menores derivadas da concesión de unha **axuda para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento dos centros de protección de menores dependentes de iniciativa social,** e que foron **cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.***

Puxémonos en contacto coa arquitecta Ana Quiroga Bello co obxectivo de traballar nuns novos conceptos estéticos do mesmo baseados no que damos en chamar "arquitectura DETOX", un novo modelo de repensar os modos de construír, deseñar e habitar os espazos cara a preservar os recursos e mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

1. As Instalacións

1.1. O Deseño

Como sinalábamos, estas actuacións levadas a cabo grazas a Consellería de Política Social e ao Programa Feder supuxeron o **deseño das novas instalacións do Programa de Intervención ambulatoria con adolescentes en situación de dificultade social e desprotección.**

Así, para solucionar ou mellorar as necesidades detectadas nas nosas instalacións, dende a ACLAD Alborada puxémonos en contacto coa arquitecta *Ana Quiroga Bello* co obxectivo de traballar nuns novos conceptos estéticos do mesmo baseados no que damos en chamar **"arquitectura DETOX"**, un novo modelo de repensar os modos de construír, deseñar e habitar os espazos cara a preservar os recursos e mellorar a calidade de vida das persoas usuarias. Un "novo centro" en harmonía coa natureza que o rodea, un dos nosos puntos fortes, que facilite unha mudanza nos hábitos, non só dos adolescentes e as súas familias, senón tamén nos propios profesionais que desenvolvemos a nosa laboura no centro.

Así os criterios deste novo deseño pasaron por:

a. **Aplicar a psicoloxía da COR** nos espazos tentando aportar un cambio de estado de ánimo nas persoas usuarias. Así, na actualidade as cores predominantes no centro son o branco e o verde, cores calmantes, estimulantes á vez que relaxantes e equilibrados.

- **Branco:** Esta cor representa a pureza, o comezo, a perfección, a inocencia… ademais facilita o estudo e o traballo en equipo.

- **Verde:** Aporta concentración e unha harmonía extraordinaria, xa que é unha cor de baixa lonxitude de onda que aporta calma, concentración e mellora a eficiencia. O verde é unha cor que relaxa o corpo e os ollos; pois recorda á natureza, converténdose nun xeito

de incorporar o entorno vexetal ao interior do centro.

b. Valorar a natureza, o emprego do verde máis o branco, sumado ao emprego de madeira no interior do centro e a creación de mais espazos vexetais busca poñer en valor e unificar o centro co espazo que o rodea, un dos puntos fortes das nosas instalacións.

c. Por outra banda, co emprego de cor branca gañouse en **luminosidade** mellorando os espazos de lectura, estudo,…Asemade, a instalación de persianas venecianas para a graduación da incidencia solar mellorou as condicións lumínicas do centro.

d. Melloráronse as **condicións de habitabilidade** do centro reducindo o numero de paredes frías (Azulexos) cara a gañar en confort e illamento térmico .

e. A introducíronse **materiais naturais, ecolóxicos e sustentables** como a madeira no deseño do centro.

Unha vez rematadas as obras procedeuse a decoración do centro coa instalación de diferentes obras realizadas polas persoas menores usuarias no obradoiro de "Actividades Plásticas e Creatividade" e a realización de dous grandes murais nas paredes do Centro en colaboración coa artista local *Tamara Garrido Rúa*. Así, no aula de tempo libre coa dirección e o deseño de Tamara realizouse un gran mural de 5x2 m. e no corredor do centro unha reprodución dun graffiti de Banksy.

Procedeuse a decoración do centro coa instalación de diferentes obras realizadas polas persoas menores usuarias no obradoiro de "Actividades Plásticas e Creatividade" e a realización de dous grandes murais nas paredes do Centro en colaboración coa artista local Tamara Garrido Rúa.

1.2. Distribución do local

O Programa Ambulatorio conta con instalacións propias para o seu desenvolvemento (tres despachos ubicados nos puntos 1,2 e 3) sendo o resto do espazo común co Centro de Día de Atención ao Menor. Utilízase este (cociña, biblioteca, aula de informática, sala de grupos, etc.) cando considérase necesario.



1.2.1. Espazos pertencentes ao Programa Ambulatorio

1. Despacho exclusivo do Programa Ambulatorio Este despacho consta dun espazo de intervención psicolóxica e socioeducativa individual, familiar e/ou grupal e dous postos informático. (13,80 m^2). Tamén se realizan sesións de coordinación con outros profesionais. No mesmo, atópase o armario onde se gardan, baixo chave, as historias das persoas menores usuarias.

despacho antes dos cambios



despacho agora

2. Dous despachos, o da auxiliar administrativo e **outro despacho exclusivo do Programa Ambulatorio,** empregado como espazo de intervención psicolóxica e socioeducativa con menores e/ou familias e sesións de coordinación. Ambos contan con postos informáticos, ademais o primeiro dispón da centraliña telefónica, fotocopiadora e armario-almacén de material funxible.(14,90 m²)

3. Dous despachos, un do director/coordinador, cun posto informático, e **outro exclusivo de Programa Ambulatorio** con espazo para intervencións psicolóxicas e socioeducativas cos menores e/ou familias e con outros profesionais (17,75 m²).

Todas as nosas instalacións, que acabamos de describir, manteñen as condicións de hixiene, medioambientais e de seguridade precisas, conforme ás disposicións legais vixentes.



1.2.2. Espazos de uso común co Centro de Día de Atención ao Menor

Dentro da intervención psicolóxica e socioeducativa do Programa Ambulatorio danse outras necesidades que requiren de espazos adecuados.

Cando se realizan intervencións grupais tanto con menores coma con familias, ou cando se fan dinámicas que requiren espazos máis amplos empréganse as salas de uso común co Centro de Día.

1. Dous despachos, un deles sería o do psicólogo do Centro de Día, con posto informático e empregado tanto de xeito individual como grupal/familiar, **ocupado, ás veces, polas profesionais do Programa Ambulatorio.** O outro despacho estaría destinado para el equipo psicoeducativo do Centro de Menores, con dous escritorios e os seus respectivos postos informáticos ademais de os armarios de material. (20,20 m²)

1


1


1

2. **Despacho do Equipo Educativo** no que están dispoñibles tres postos informáticos, biblioteca dos profesionais, sala de reunións do equipo de Centro de Día, tamén empregada para reunións de coordinación do Centro de Menores (Programa Ambulatorio e Centro de Día) e paneis de organización do centro. Neste espazo poden desenvolverse, ademais, programas específicos de habilidades sociais, autocontrol, axuste emocional, relaxación, etc., tanto de carácter individual como en pequenos grupos. (16,55 m²).


2

3

3. **Aula de Novas Tecnoloxías** que conta con cinco postos informáticos con acceso a internet, mediateca (biblioteca multimedia, software educativo, películas, documentais,…), televisión, reproductor VHS e DVD e proxector. (16,80 m²). Este aula é de uso común tanto para usuarias/os

como para profesionais. **A sala é tamén empregada para realizar actividades pertencentes a distintos programas como o de Inserción Sociolaboral, de Habilidades Sociais, Autocontrol, Autoestima, Axuste Emocional, Educación Musical, de Outras Culturas e Realidades Sociais, entre outros.**

4. **Aula de ocio e tempo de lecer,** tamén empregada como zona de descanso dos menores en caso de necesidade. Espazo multifuncional de convivencia das/os mozas/os, inclúe armario de xogos de mesa, prensa e revistas, mesas, diana de dardos, TV, PSP 4 e WII. Ademais a sala é tamén empregada para a realización de Actividades Plásticas e Creatividade e para **intervencións grupais do Programa Ambulatorio**. (18 m²). Espazo de uso común para mozas/os e profesionais.

4

5. **Aula multifuncional**, empregada como biblioteca (biblioteca de lectura, apoio ao estudo e orientación laboral, enciclopedias,…), **aula de estudo** e para a realización das actividades de programas variados: Relaxación, Habilidades Sociais, Educación para a Saúde e **Intervención Grupal con Familias** (do Programa Ambulatorio e do Centro de Día). Tamén dispón dun posto informático. (23 m²) A excepción do posto informático, de uso exclusivo do equipo de profesionais, o resto dos servizos que inclúe esta aula son de uso común por mozas/os e profesionais.

5

6. **Comedor**, pódese dividir por medio dunha porta corredoira de madeira converténdose en dúas salas. Dispón dunha pequena cociña e servizo de lavandería (microondas, lavalouza, vertedoiro, lavadora, neveira, armario para a comida e o menaxe e un armario para a roupa). Espazo de uso común. Tamén consta de pantalla de proxección e pizarra xa que é destinado ás actividades con grandes grupos e sesións formativas do equipo. (27,55 m²).

6

7. **Aseo** con prato de ducha. (3,15 m²)

7

8. **Almacén**, armario gardaroupa, cuarto do servidor informático e router. (9,60 m²)

9. **Cuarto de limpeza**. (2,80 m²)

10. **Baño** (3,15 m²)

11. **Baño adaptado**. Neste baño están situados, baixo chave, a botica de primeiros auxilios e o armario cos produtos de hixiene dos menores e profesionais (cepillos de dentes, pasta dentrífica, desodorantes, xampú,…) e os elementos necesarios para a realización de uroanálises. (4,60 m²)

12. **Corredor**, que inclúe sala de espera, taquillas e percheiros das persoas adolescentes. Espazo de uso común.

12

8

11

13. **Patio de acceso** dende a rúa porticado e con pendente para facilitar o acceso a persoas con diversidade funcional. Espazo de uso común e público.

13

14. **Parque da Seara:** O Programa de Intervención Ambulatoria atópase rodeado de máis de 5000 m2 de xardíns, parque infantil e zona deportiva. Espazo de uso común e público.

14

1.3. Medidas de seguridade

Todas as instalacións que acabamos de describir manteñen as condicións de hixiene, medioambientais e de seguridade precisas, conforme ás disposicións legais vixentes.

Todas as instalacións contan coas medidas de seguridade según a normativa vixente así como coa documentación necesaria para o exercer a actividade á que se dedica.



Planos de saída de emerxencia en cada porta.

Catro extintores.

Documentación.

Cartel ubicado en cada porta do centro

Posto na entrada do centro con hidroxel, termómetro, papel de mans, cubo de lixo pechado con pedal, e máscaras e luvas(no interior do armario para protexelos)

Todolos despachos usados polo programa con mámpara, cartelería, hidroxel, ventilación...

Adoptáronse as medidas de prevención necesarias para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

Algunhas delas foron as seguintes: uso obrigatorio da máscara, disposición do mobiliario para separar o máximo posible a distancia entre persoas, mantemento da distancia de seguridade interpersoal en todas as instalacións, utilización de medidas alternativas de protección física (mámparas), uso de hidroxel e cubos de lixo con pedal, sinaléptica de seguridade á vista das persoas usuarias, dispensador de máscaras e luvas, termómetro, desinfección e ventilación continua dos espazos.

1.4. Accesibilidade

Toda a instalación carece de barreiras arquitectónicas e os diferentes espazos no interior do local están conectados a través dun amplo corredor que facilita a mobilidade. Existe un baño adaptado para persoas con diversidade funcional e a entrada dispón dunha pendente de acceso para persoas usuarias de cadeiras de rodas.

2. Equipamento e Recursos materiais

O **Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en situación de dificultade social e desprotección** dispón de mobiliario, utensilios, aparatos e enseres apropiados para a vida diaria que garanten a seguridade e o benestar das/os menores. Igualmente o local está acondicionado a dar resposta ás diferentes circunstancias e idades da poboación adolescente atendida.

Para realizar unha descrición do equipamento do Programa Ambulatorio teríamos que facelo tendo en conta os recursos propios (do Centro de Menores e do Programa Ambulatorio), os recursos que proporciona o feito de pertencer a ACLAD Alborada e os recursos públicos nas inmediacións das nosas instalacións.

2.1. Recursos Propios de uso común do Centro de Menores Alborada

- **Dotación Informática:** Hai que sinalar o alto nivel de uso das novas tecnoloxías nas instalacións do Programa Ambulatorio, así todos os despachos están dotados de postos informáticos con acceso a internet ao igual que no aula multifuncional e o aula de novas tecnoloxías, nesta última as persoas menores teñen a súa disposición cinco equipos informáticos cos últimos adiantos, ademais dun escáner e impresora A3 a cor.

- **Bibliotecas:** O Centro de Menores está dotado con dúas bibliotecas. Por unha banda a biblioteca dos profesionais, con centos de volumes que achegan ao Equipo Psicoeducativo experiencias, recursos ou información de múltiples temas como intervención con menores, trastornos condutuais, habilidades sociais, intervención con familias, intervención en trauma, con victimarios menores, etc. E por outra banda contamos coa biblioteca das/os mozas/os que atópase fisicamente no aula multifuncional e divídese en dúas seccións, primeiro a de Fomento da Lectura ligada co programa específico do mesmo nome (literatura xuvenil, cómic, novela,…) e segundo a de apoio ao estudo con libros de texto das diferentes materias e niveis do ensino e material específico para traballar Necesidades Educativas Especiais.

- **Mediateca**: O traballo coas NNTT (Novas Tecnoloxías) levounos hai anos a iniciar unha recompilación de diferentes materiais en diversos soportes relacionados coas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), así a Mediateca recolle moito material multimedia como software educativo, documentais de apoio ao área escolar, documentais para traballar contidos transversais, películas e outros.

- **Material de lecer:** No aula de ocio e tempo de lecer existe un espazo adicado a gardar diferente material lúdico de todas as características posibles, xogos didácticos, xogos de mesa, taboleiro dixital de dardos, xogos tradicionais, de habilidade e mesmo xogos de consola como a WII de Nintendo e a PSP4.

Asemade, este espazo contra cun rincón de descanso que pode ser utilizado polas personas usuarias do Programa Ambulatorio, sempre que sexa necesario.

- **Comedor**: Este espazo utilízase en algunhas ocasións cas/os adolescentes do Programa Ambulatorio para darles de beber, para que se tomen un bocadillo en casos puntuais de moitas limitacións económicas e tamén cando precisan un sitio amplio, ao atoparse con altos niveis de nerviosismo, por exemplo.

- **Aula de formación:** O comedor non ten mobiliario fixo. Isto fai posible adaptar o espazo como aula de formación ou para outras actividades grupais, para ata 30 persoas. Conta cunha pizarra e unha pantalla fixa de proxección para ditos eventos.

- **Material informativo:** En varios espazos temos puntos de información, uns de orientación sobor de temas fixos e necesarios ao longo de todo o ano (drogas, sexualidade,...) e outros temporais (dias especiais, ofertas de ocio,...).





2.2. Recursos derivados da pertenza a ACLAD Alborada

Furgoneta de 7 plazas

Furgoneta 9 plazas

O feito de pertencer a unha ONG , permítelle ao Programa Ambulatorio estar integrado nunha estrutura máis ampla, o que fai posible coordinarse cos diferentes programas da Asociación e beneficiarse dos recursos comúns como:

- **Vehículos**: Dous furgonetas en propiedade de 9 e 7 prazas, as cales son usadas polo Programa Ambulatorio para, principalmente, os seguintes cometidos:
- Saídas terapéuticas de grupo.
- Acompañamentos a recursos de interese para a persoa menor.
- Formación externa que imparte o equipo profesional do Programa Ambulatorio.
- Formación externa que recibe o equipo profesional do mesmo.
- **Laboratorio** para a realización dos análises de ouriños en caso de seguimento de consumo de sustancias.
- Dispoñemos tamén da colaboración e coordinación con equipo humano de ACLAD Alborada: persoal sanitario (médicos, psiquiatras, enfermeiras auxiliar de clínica, farmaceutica), de xestión (xerencias, administrativos e contable), socioeducativo (educadores/as, e traballadores sociais, pedagogas/os).

Laboratorio

2.3. Recursos públicos nas inmediacións das nosas instalacións

- **Parque da Seara:** O Centro de Menores Alborada (Programa de Intervención Ambulatoria con Adolescentes en situación de dificultade social e desprotección) atópase rodeado dun parque público de máis de 5.000 m², o cal convertese nun magnífico recurso. Atopámonos con zonas de arboreda, xardíns e unha zona multideportiva onde se poden practicar diferentes deportes como baloncesto, futbito e outros.

3. Situación xeográfica

Ás instalcións do **Programa de Intervención Ambulatoria,** situadas na rúa Arquitecto Pérez Bellas, unha zona relativamente céntrica da cidade de Vigo, pódese acceder dende catro avenidas ou rúas principais: Camelias, López Mora, Tomás A. Alonso e Conde de Torrecedeira. Esta privilexiada localización, permite unha inmellorable accesibilidade a través das liñas de bus urbano que circulan pola referidas rúas. Ademais a Praza de América, un dos eixos fundamentais de enlace entre as diferentes liñas de Vitrasa, está situada a menos de 5 minutos do Centro de Menores Alborada, camiñando.

Comunicacións urbanas:

Na contorna das instalacións do Programa Ambulatorio contamos cunha rede de servizo de transporte urbano que nos conecta con toda a cidade de Vigo e o barrio de Chapela (Redondela)

Así, e como se observa no mapa da páxina seguinte, a uns minutos camiñando dende o centro podemos atopar as seguintes liñas:

C1 Circular Centro
C3 Bouzas/Coia - Encarnación
C4 Aragón Coia
C5 Teixugueiras – B. Aires
C6 Beade – Pza. España
C7 Pza. España – Garrida/Zamáns
8 Areal – Porto
C9A Pza. E. Fadrique – Peinador
C9B Reconquista – Rabadeira
10 Teis – Canido – Saians
11 San Miguel – Cabral
12 Hosp. Cunqueiro – Meixoeiro
12A Saians – Muiños - Meixoeiro
13 Teixugueiras – Hosp. Meixoeiro
C15C Universidade – Samil
C16 Coia – Estación FF.CC.
17 Matamá – A Guía
20 Pza. América – Sta. Marta

CENTRO DE MENORES ALBORADA

Comunicacións interurbanas:

- Paradas de autobús interurbano a **Redondela, Moaña e Cangas** a 3 minutos.
- Paradas de autobús interurbano a **A Guarda, Baiona, Gondomar e Nigrán** a 5 minutos
- Estación de Autobuses, 30 minutos camiñando e alta frecuencia de autobuses urbanos.
- Estación de marítima de ría, 25 minutos camiñando e alta frecuencia de autobuses urbanos.
- A estación de ferrocarril de Guixar está situada na rúa Areal. Dende alí hai trens para Pontevedra, Vilagarcía, Santiago e Coruña. Dende as instalacións do Programa Ambulatorio pódese chegar ata a estación con varias liñas de vitrasa.



Esta privilexiada situación, permite unha inmellorable accesibilidade con calquera punto da cidade a través das liñas de bus urbano, ademais da Praza de América, un dos eixos fundamentais de enlance entre as diferentes liñas de Vitrasa, situada a menos de 5 minutos camiñando.

COMUNICACIÓN MEDIANTE TRANSPORTE COLECTIVO (a menos de 5 minutos camiñando dende o centro)

- **Transporte Urbano**
  - Autobús
    - Paradas de Vitrasa a menos de 5 minutos a pé
      - Totalidade do Concello de Vigo
- **Transporte Interurbano**
  - Autobús
    - Paradas de autobús na Praza de América
      - **Gondomar, Nigrán, Ramallosa, Baiona** e **A Guarda**
    - Paradas de autobús en Beiramar
      - **Moaña** e **Cangas**

4. Recursos da Contorna

Os recursos que presentamos a continuación sitúanse preto das instalacións do **Programa de Intervención Ambulatoria** ou teñen un bo acceso dende estas, o que indica a boa localización das mesmas.

ESCOLARES	· IES O Castro · IES Politécnico de Vigo · IES Santa Irene · IES Santo Tomé de Freixeiro · IES Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico . IES Alexandre Bóveda . IES Álvaro Cunqueiro . IES Audiovisual de Vigo · CEIP Dr. Fleming · CEIP Emilia Pardo Bazán · CEIP Altamar · CEIP Ramón y Cajal · CEIP Escultor Acuña · CEIP Pintor Laxeiro · CPR Labor · CPR Mercantil · CPR San Miguel II · CPR o Castro · CPR Miralba, Xesuitinas · CPR Mª Inmaculada, Carmelitas · CPR Mendiño · Instituto Municipal de Educación (IME) · CP de Educación de Persoas Adultas Berbés
XUVENÍS	· Casa da Xuventude · Vigosónico · Fundación Vigo en deporte · Asociación Xuvenil Abertal

HOSPITAIS E CENTROS DE SAÚDE	· Unidade de Saúde Mental – Infanto Xuvenil · Centro de Saúde de López Mora · Centro de Saúde Colmeiro · Centro de Saúde de Coia · Hospital Povisa · Hospital Nicolás Peña · Centro Orientación Familiar Vigo
BIBLIOTECAS	· Biblioteca Afundación das Travesas · Biblioteca- Centro de Documentación da Casa da Xuventude · Biblioteca de Torrecedeira - UVigo · Biblioteca Central Juan Compañel
DEPORTIVOS	· Pavillón polideportivo de Coia · Piscina Municipal do pavillón do Carme · Complexo Deportivo das Travesas · Pavillón polideportivo do Berbés · Ximnasio Municipal do Carme · Ximnasio Municipal do Berbés · Ximnasio Tao · Ximnasio Serviatlántico · EdamCenter - Cross · Mais que Auga – Coia · Centro Deportivo Fit Sport · Florida Gym
VARIOS	· Comisaría de Policía · Tesorería de la Seguridade Social · Oficina de DNI/ Pasaporte · Xulgados · Oficina de Emprego · Casa das Mulleres



CENTROS ESCOLARES

BIBLIOTECAS

RECURSOS DEPORTIVOS

RECURSOS XUVENÍS

RECURSOS DE SAÚDE

VARIOS



5. Documentos gráficos de planta, portal, cubertas, etc, con acotación a escala dos alzados e diferentes plantas




PROTECCION CONTRA INCENDIOS
NORMATIVA NBE-CPI-96
CENTRAL DE SENALIZACION Y CONTROL
DETECTOR TERMOVELOCIMETRICO
DETECTOR IONICO
DETECTOR DE Co
INDICADOR DE ACCION
PULSADOR DE ALARMA
SIRENA DE ALARMA INTERIOR
SIRENA DE ALARMA EXTERIOR
BOCA DE INCENDIOS EQUIPADA
ROCIADORES AUTOMATICOS (sprinklers)
EXTINTOR 21A-113B
EXTINTOR 21A o 55B
AV-XX
ROTULO LUMINOSO AVISO EXTINCION
CEF-3
SUBCENTRAL DE EXTINCION CEF-3
E
LUCES DE EMERGENCIA
SE
LUCES DE EMERGENCIA CON ROTULO
RF
PUERTA CORTAFUEGOS RF-60/90
PUERTA CON BARRAS ANTIPANICO
Colegio de Aparejadores y Arquitectos Técnicos de Pontevedra
VISADO
11 MAYO 2005
A LOS EFECTOS REGLAMENTARIOS
VIGO
PROYECTO DE ACTIVIDAD PARA:
CENTRO DE DIA EDUCATIVO Y SOCIAL
SITUACION:
RUA ARQUITECTO PEREZ BELLAS Nº 9 - VIGO
FECHA: ABRIL 2005
CODIGO: PRO-0586
PLANO DE:
PLANTA DE PROTECCION CONTRA INCENDIOS
ESCALAS:
1:100
PLANO Nº
08
CURBA OFICINA TECNICA
CALLE FAISAN Nº 11
BAJO - VIGO
TLF: 986 26 16 95
FAX: 986 26 10 09
oatcurba@infonegocio.com
PROPIEDAD:
ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ACLAD)
ARQUITECTO TECNICO:
D. CARLOS URDAMPILLETA BARREIRO



Alzado Lateral Derecho



Alzado Principal



Alzado Posterior



Sección A-A

Colegio Oficial de Aparejadores y Arquitectos Técnicos de Pontevedra
VISADO
11 MAYO 2005
A LOS EFECTOS REGLAMENTARIOS
VIGO

	PROYECTO DE ACTIVIDAD PARA: CENTRO DE DIA EDUCATIVO Y SOCIAL	
CURBA OFICINA TECNICA	SITUACION: RUA ARQUITECTO PEREZ BELLAS Nº 9 - VIGO	FECHA: ABRIL 2005 / CODIGO: PRO-0586
	PLANO DE: ALZADOS Y SECCION A-A	ESCALAS: 1:100 / PLANO Nº 05
CALLE FAISAN Nº 11 BAJO - VIGO TLF: 986 26 16 95 FAX: 986 26 10 09 catcurba@infonegocio.com	PROPIEDAD: ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ACLAD)	ARQUITECTO TECNICO: D. CARLOS URDAMPILLETA BARREIRO



Estado Reformado

Superficie Construida Cerrada: 299.26 m²





SITUACION

	PROYECTO DE ACTIVIDAD PARA: CENTRO DE DIA EDUCATIVO Y SOCIAL	
CURBA OFICINA TECNICA CALLE FAISAN Nº 11 BAJO - VIGO TLF: 986 26 16 95 FAX: 986 26 10 09 oatcurba@infonegocio.com	SITUACION: RUA ARQUITECTO PEREZ BELLAS Nº 9 - VIGO	FECHA: ABRIL 2005 CODIGO: PRO-0586
	PLANO DE: SITUACIÓN	ESCALAS: 1:2000 / PLANO Nº 01
	PROPIEDAD: ASOCIACION CIUDADANA DE LUCHA CONTRA LA DROGA (ACLAD)	ARQUITECTO TECNICO: D. CARLOS URDAMPILLETA BARREIRO

6. Grado de conservación, calidade e confortabilidade dos espazos

Coa documentación gráfica achegada e os planos amosamos que o Centro de Menores (Programa Ambulatorio e Centro de Día) atópase en bo estado de conservación, calidade e confortabilidade.

Fixéronse significativas melloras que repercutiron positivamente nestes aspectos:

a. Mellora funcional e estética das instalacións do centro (Apartado 1.1 Deseño).

b. Mellora no aillamento térmico e de luminosidade das fiestras do centro.

c. Mellora das condicións sanitarias da ducha.

d. Sistema de calefacción.

O cambio dos radiadores eléctricos aportou grandes vantaxes:

- O sistema calefactor antigo tiña un termostato fixo, o novo permite un control individual da temperatura xa que incorpora un termostato variable manual ou automático, no propio aparato e/ou con mando a distancia. Polo tanto pode manterse un ambiente cálido agradable.

- Redución do consumo. A posibilidade de variar a intensidade a través do termostato facilita que o consumo poida reducirse considerablemente con respecto o anterior sistema calefactor.

e. Dispositivos de oficina: Fotocopiadora

O cambio da fotocopiadora a unha máis modernizada e nova aportou os seguintes beneficios:

- As impresoras en red e que poden escanear ou enviar documentos por correo electrónico reducen a cantidade de dispositivos que o centro necesita.
- O novo dispositivo supera a resolución , calidade de saída e velocidade, ou que acelera e mellora o traballo.

Antiga

Nova

Antiga

Nova